



1131420 1200-000



SR.D.

ARTUR CRUZEIRO SEIXAS
Rua da Rosa, 152-3º
1200-389 - LISBOA
PORTUGAL

Francisco López Barxas
Urb. Troia, nº 14
15866 - Ameneiro - Calo - TEO
A CORUÑA • GALICIA
ESPAÑA.

01.202.03

Sr. D. Artur Cruzeiro Seixas
Rúa da Rosa, 152 -3º
1200 - 389 - LISBOA
Portugal

Santiago, 12 de setembro de 2004-09-12

Querido Cruzeiro Seixas:

Despois de pasar estes meses de verán traballando, pois aínda non tiven a posibilidade de coller unhas merecidas vacacións, me poño en contacto con vostede coa certeza de que se atopará ben de saúde trala recepción desta carta. Lembro con moito gosto, como xa lle expresei nunha carta anterior, o día da inauguración da súa exposición en Famalição e o moito que disfrutamos no reencontro cos amigos. Daquel día son estas dúas fotografías que lle acompaño e que espero que sexan do seu agrado.

Teño moitas ganas de velo e de pasar unhas horas de feliz conversa con vostede. Por iso, se o tempo acompaña e a autoridade no no impide –como dicimos por aquí-, é moi posible que a mediados do mes que ven, aproveitando que disporei dunhos días de descanso, me achegue por Lisboa a facerlle unha visita. Estaremos en contacto.

Supoño que, coma sempre, estará a preparar novos proxectos literarios (algún novo volume da edición da súa poesía completa) ou algunha que outra exposición da súa obra de pintura e desenho. Pola miña parte agardo un pouco de vagar para retomar algún proxecto aparcado relativo á escritura. A actualidade arrepiante do mundo en que vivimos non me permite nestes últimos tempos algo de acougo na miña profesión na TV.

En fin, co desexo de atopalo tan xoven coma sempre, reciba un forte abraço deste amigo que no no esquece.

Paco
PACO LÓPEZ-BARXAS

Sr. D. Artur Cruzeiro Seixas
Avda. Fernando Pessoa, lote 3.20
Bloco B, 8º B – Parque Expo
1990 – 102 LISBOA

Paco López-Barxas
c/Espíritu Santo, 4 – 2º B
15704 – Santiago de Compostela

Santiago, 25-marzo-2006

Meu querido amigo Seixas:

Tres meses despois de recibir a súa carta-desenho, trala morte do Cesariny, pónome a escribirlle nesta tarde de domingo, non sen antes pedirlle disculpas polo retraso na contestación. A verdade é que estiven bastante ocupado coa compra, finalmente, dun pequeno apartamento fronte ao mar de Vila Praia de Áncora.

Alí ando, querido amigo, tratando de poñer algúns móbels para poder pernoctar nesta fermosa vila algún que outro día feriado. Certamente atópome cómodo neste rincón de Portugal, entre Caminha e Viana do Castelo, ao lado dun fermoso lugar chamado curiosamente Seixas, e non lonxe da fronteira onde eu nacín: o pobo de Pontebaixas, cerca de Melgaço e Monção, á outra beira do Minho. Aí procurarei disfrutar da paz e sosego que preciso e que a vida nos está a poñer tan difícil nestes tempos que vivimos.

Pois ben, espero que cando teña mobilado o piso podamos coincidir algún día en Vila Praia e compartir casa, mesa, mantel e conversa. Eu iría a buscalo a Lisboa no meu carro e sobre todo tendo en conta que estamos preto de Familação.

Pola súa carta, querido Seixas, vexo que o desaparecemento do Cesariny foi un rudo golpe. Certamente, agora é vostede o último surrealista vivo se un mira para esa fotografía do grupo que se corresponde coa primeira exposición de Lisboa no ano 1949.

Nun libro meu de conversas, que está a punto de publicarse, hai unha entrevista súa, da que xa non se lembrará, na que dicía que do grupo de surrealistas só restan con vida o Cesariny e máis vostede. Pois ben, trala morte do Cesariny, permitinme a licencia para actualizalo texto da resposta, pois agora xa só queda vostede. Espero que en canto o libro se publique (arredor do mes de xuño), poda facer unha viaxe a Lisboa e levarlle algún exemplar, pois nel tamén figuran outros entrevistados personaxes como Granell, Cortázar, Vargas Llosa, Cardoso Pires, etc.

Reciba, en fin, as lembranzas de Covadonga e dos meus fillos, pois agora Iván (o máis pequeno) tamén marchou para Madrid, onde empezará a traballar no Ministerio de Facenda, xa que aprobou una oposición para Interventor do Estado.

Remato, querido amigo, coa confianza de que pouco a pouco vaian desaparecendo esas ameazas que vem da próstata, pois neste campo penso que están a notarse cada vez máis os avances médicos.

Cos meus mellores desexos, reciba uma forte aperta

Paco López-Barxas
Paco López-Barxas
u

S. TIAGO DE
COMPOSTELA
OP

CORREOS

26 MAR. 2001

1500012
Franqueo Pagado en Oficina

Correia

SR. D. ARTUR CRUZEIRO SEIXAS
Alda. Fernando Pessoa, lote 3.20
Bloco B, 8º B - PARQUE EXPO
1990-102 LISBOA

01.202.04

*apartamento em Vila Verde
na zona de onde é muito familiar...
mas hoje não como homem de letras
e não me lembro mais por quem depois entrei
em Lisboa...
Muito tempo me lembro em Vila Verde...
Lisboa...
"Lisboa" pra mim...*